



ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Falar ben, ter unha boa capacidade para expresarnos, ábrenos as portas ao mundo, facilítanos a relación cos demais e permítenos estruturar as nosas ideas.

Desde que os nen@s nacen, a actitude dos adultos que o rodean vai facilitar ou dificultar as súas capacidades expresivas.

Desde o DO do centro queremos facilitarvos unha serie de orientacións para contribuir ao axeitado desenvolvemento da linguaxe dos vosos fillos/as.



O voso fillo/a aprende milleiros de palabras escoitádevos falar. Faládelle ao neno/a de vos, da familia, dos amigos... e faládelle coma a un adulto; non utilices unha linguaxe infantil.

Non o fagades de menos, usade as palabras axeitadas, aínda que semellen difíciles. ¡ Sorprenderavos!.

Faládelle amodo, claro, articulando ben e cunha intensidade normal. Procurade acadar un ambiente relaxado na casa, evitando situacións de rúidos e berros. Non deixedes as frases a medias e ampliade as frases do voso fillo/a.

Axudádelle a pensar facéndolle boas preguntas; preguntar é un modo de aprender. Non respostedes por el/ela, deixádelle que se exprese libremente.

Evitade burlas ou riñas pola súa fala. Afastádevos de actitudes sobreprotectoras; procurade que a súa fala vaia sendo cada vez menos infantil.

O voso fillo adquire linguaxe vendo cousas, tocando cousas. Nisto podeades e debeades axudalo, proporcionándolle novas experiencias, visitas a novos lugares, levádeo ao cine...

Recursos

Contos, debuxos, material de sopro (pompas de xabron, velas, palliñas, globos...), cancións, vídeos de praxias...

No blog de audición e linguaxe do centro " La Clase del Payaso "

<http://laclasedelpayaso.blogspot.com.es/>

podeades atopar recursos para estimular a linguaxe dos vosos fillos/as

Non lle esixades un esforzo que non é capaz de realizar, porque pode ocorrer que non queira falar. Pero si hai que intentar que o neno teña necesidade de falar, hai que saber escoitalo, darlle importancia ás súas vivencias.



Lerlle contos (moitos, todos os días), describir os seus debuxos e personaxes, realizarlle preguntas sinxelas sobre o mesmo, que sexa o neno o que conta a historia dunha forma ordenada..., son actividades que favoreceran a súa linguaxe. O voso fillo aprende moito observando debuxos e fotos. Dádelle revistas, libros e usade as láminas dos contos que lles leades.

As adiviñas, trabalinguas, cancións, o xogo de “Veo – veo”... aumentarán o seu vocabulario ademais de afianzar a correcta articulación. Ensinádelle ó voso fillo/a retahilas, poesías, rimas, cancións, refráns...

Xogos coa lingua (“Señora Lingua”) como tocar a punta do nariz, limpar os labios, os dentes ou o paladar con ela... ou xogos de sopro como inflar globos, soprar velas desde lonxe, facer burbullas cunha palliña ou pompas de xabón, etc., son a base para acadar os fonemas que aínda non pronuncia.

A partir dos 18 meses de idade, o neno debe tomar a alimentación como o resto da familia, non feita puré, xa que masticando desenvolve a musculatura da boca e, polo tanto, mellora a súa fala.

A partir dos 2 anos débese ir retirando o chupete e o biberón, xa que o seu uso prolongado producen deformación na boca, podendo impedir unha axeitada respiración e articulación.

Debedes empregar con el/ela un ton de voz cunha intensidade normal e fomentar que non abuse da súa voz (non berrar).

Estimulade ao voso fillo/a para que xogue con outros nenos/as, con vos e so; a través do xogo aprende palabras novas e adquire coñecemento e comprensión.

Facede que o voso fillo/a participe nas actividades da vida cotiá.



Sinales de alarma

- Cara os 5 anos deben falar correctamente, aínda que serán difíciles as palabras cos fonemas r, rr, br, bl, pr, pr... Si aos 6 anos continúa a dificultade é o momento de acudir ao especialista.
- Se o voso fillo/a está frecuentemente distraído, repite constantemente ¿que?, se fala nun tono excesivamente alto ou baixo é aconsellable revisar a súa audición por un especialista
- Vixiade a voz do neno/a. Pode ser que estea a forzala e cambie a súa voz; todo cambio que perdure unha ou dúas semanas debería de ser obxecto de consulta por parte do otorrino.
- O desenvolvemento normal da linguaxe pasa por unha fase de “tartamudeo”. En principio isto é pasaxeiro e polo tanto non hai que facerlle repetir cando taten, evitar burlas e reñas, hai que falarlle con tranquilidade evitando situacións de tensión e darlle tempo para expresarse. Só cando se perpetúe no tempo será necesaria unha intervención profesional.